

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6904 Orde AAA/1170/2013, do 21 de xuño, pola que se modifican os anexos I, V, VII, IX, XI e XII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais.

O Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais e se modifica o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, codifica todas as normas referentes ao Rexistro de Variedades Comerciais e aos rexistros de inscrición de diferentes grupos de especies, e incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2009/145/CE da Comisión, do 26 de novembro de 2009, pola que se establecen determinadas excepcións para a aceptación de razas e variedades autóctonas de plantas hortícolas que fosen tradicionalmente cultivadas en localidades e rexións concretas e ameazadas pola erosión xenética, e de variedades vexetais sen valor intrínseco para a produción de cultivos comerciais, pero desenvolvidas para o cultivo en condicións determinadas, así como para a comercialización de sementes das ditas razas e variedades autóctonas.

Así mesmo, o Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, incorpora tamén ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2010/46/UE da Comisión, do 2 de xullo de 2010, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE polas que se establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE e do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE, ambas do Consello, con respecto aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e ás condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

Posteriormente, aprobouse a Directiva de execución 2012/44/UE da Comisión, do 26 de novembro de 2012, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE polas que se establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello e do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE do Consello, respectivamente, no que concirne aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e ás condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas, que debe ser, por tanto, incorporada ao noso ordenamento a través da modificación do número 6 dos anexos I e V e do número 5 do anexo VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais.

Xunto con isto, mediante esta orde tamén se modifica o número 6 dos anexos IX, XI e XII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, xa que os protocolos de exame da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) foron substituídos polos que se citan nela, dado que o artigo 33.2 do citado regulamento establece que, no que respecta á distinción estabilidade e homoxeneidade, a realización dos exames oficiais para a admisión de variedades cumprirá as condicións establecidas nos protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade, ditados polo Consello de Administración da OCVV, empregando todos os caracteres varietais que se establecen nos citados protocolos.

Esta orde dítase con base na habilitación normativa contida na disposición derradeira cuarta do Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, que faculta o titular deste departamento para modificar os seus anexos.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2001, do 11 de febreiro.*

Os anexos do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, quedan modificados como segue:

Un. No número 6 do anexo I modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás seguintes especies que se sinalan a continuación, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a continuación, que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se é o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV (1):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Oryza sativa L.	Arroz.	TP 16/2 do 21.3.2012
Hordeum vulgare L.	Orxo.	TP 19/3 do 21.3.2012

(1) O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Dous. No número 6 do anexo V modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes á seguinte especie que se sinalan a continuación, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

As variedades da especie que se cita a continuación, se con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014 iniciaron os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas neste protocolo de exame ou, se é o caso, no protocolo de exame que se encontraba en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especie que cumpre coas directrices de exame da UPOV (2):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Cannabis sativa L.	Cánabo.	TG/276/1 do 28.3.2012

(2) O texto desta directriz pódese consultar na web da UPOV (www.upov.int).»

Tres. No número 5 do anexo VII modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás seguintes especies que se sinalan a continuación, co seguinte texto:

«5. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a continuación, que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se é o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV (1):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Lycopersicon esculentum Mill.	Tomate.	TP 44/4 do 21.3.2012
Spynacia oleracea	L. Espinaca.	TP 55/4 do 21.3.2012
Raphanus sativus L.	Ravo ou raviño.	TP 64/1 do 27.3.2002

(1) O texto deste protocolo pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Catro. O número 6 do anexo IX substitúese polo seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

A aquelas variedades das especies que se citan a continuación, que comezasen as observacións dos seus caracteres antes da data de entrada en vigor deste novo protocolo de exame, este non lles será de aplicación. Resultará de aplicación este novo protocolo de exame na data límite de entrega de material vexetal que se encontra establecida para o primeiro ano de ensaio.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV (1):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Prunus dulcis (Mill) D.A. Webb	Amendoeira.	TP 056/1 do 28.11.2012
Prunus salicina Lindl.	Ameixeira xaponesa.	TP 084//2 do 28.11.2012
Prunus persica (L) Batsch	Pexegueiro.	TP 053/2 do 28.11.2012

(1) O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Cinco. O número 6 do anexo XI substitúese polo seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

A aquelas variedades da especie que se cita a continuación, que comezasen as observacións dos seus caracteres antes da data de entrada en vigor deste novo protocolo de exame, este non lles será de aplicación. Resultará de aplicación este novo protocolo de exame na data límite de entrega de material vexetal que se encontra establecida para o primeiro ano de ensaio.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV (1):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Fragaria x ananassa Duchense ex Rozier	Amorodo.	TP 022/3 do 28.11.2012

(1) O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Seis. O número 6 do anexo XII substitúese polo seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

A aquelas variedades da especie que se cita a continuación, que comezasen as observacións dos seus caracteres antes da data de entrada en vigor deste novo protocolo de exame, este non lles será de aplicación. Resultará de aplicación este novo protocolo de exame na data límite de entrega de material vexetal que se encontra establecida para o primeiro ano de ensaio.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV (1):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Olea europaea L.	Oliveira.	TP 099/1 do 28.11.2012

(1) O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Disposición derradeira primeira. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva de execución 2012/44/UE da Comisión, do 26 de novembro de 2012, que modifica as directivas 2003/90/CE polas que se establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello e do artigo 7, no que concirne aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e ás condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción dos puntos un, dous e tres, que serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2014.

Madrid, 21 de xuño de 2013.–O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.